

# A Terra das meigas

Érase unha vez un grupo de amigos que se chamaban: Xulieta, Arnau, Jerai e Messi. Un día normal, no colexio CPI Plurilingüe Arquitecto Palacios, estes catro amigos estaban a punto de irse para a súa casa, pero a Arnau se lle ocorreu ir a unha casa abandonada pola noite. Os catro amigos se puxeron de acordo para ir alí ás 3:00 a.m.

Un levou un coitelo, outro unha lanterna, e outro un pouco de comida, porque senón ían ter fame. Ao principio todos estaban convencidos de ir, pero Xulieta non estaba segura porque ían estar alí sós...

Pasaron as horas e xa tiñan que ir a aquela casa abandonada... Cando chegaron escoitaron un

- Bbuuuuuuuuuuuumbaaa.

A porta abriuse cunha forza descomunal. Asustáronse. Xulieta cada vez estaba máis medorenta naquel lugar. Entraron e non notaron nada raro, pero, de súpeto, sentiron un calafrío por detrás. Seguiron camiñando e ó pouco entroulles a fame, pero Messi con tanto medo, que sempre lle daba fame, xa se comera toda a comida que levaran.

Xulieta, Arnau e Jerai enfadáronse moito con el e botárono fóra da casa. Logo os tres seguiron camiñando.

Fóra Messi estaba asustado. Era noite pecha; non había ningunha luz, e escoitábanse ruídos moi raros. Intentou abrir a porta, pero estaba pechada. Intentou chamar aos seus amigos, pero non tiña cobertura. De repente escoitou un ruído...

Foise achegando unha sombra voadora. Messi pensou que era unha meiga, e estaba no correcto. Intentou escapar, pero a meiga era máis rápida. De socate a meiga lanzoulle unha poción para durmilo. Despois diso levou a Messi á súa guarida.

Xulieta, Arnau e Jerai empezaron a preocuparse por Messi. Empezaron a ter arrepíos e a escoitar ruídos. E repentinamente... Aparecéuselles unha meiga diante! Quedaron paralizados durante tres segundos. A meiga preguntoulles: - "Queredes a Messi? - Siii, responderon os tres á vez. Se queredes volver a ver ao voso amigo, teredes que resolver esta adiviñanza: "Aínda que non o veredes, aí estará o que buscades". E, subitamente, a meiga desapareceu. Os tres amigos intentaron resolver aquela adiviñanza. Pensaron e pensaron, pero non atoparon ningunha resposta.

Mentres tanto Messi despertou nunha cova sucia, fedorenta, e non moi grande. A meiga preguntoulle: - “Queres comer algo?” E Messi lle dixo que si quería. A meiga deulle un pouco de polbo á feira. Cando Messi probou un bocado daquela comida non notou nada raro ao principio, pero uns segundos despois Messi empezou a volveuse invisible.

Ao final tódolos nenos, Xulieta, Arnau e Jerai, saíron da casa e foron ao bosque. No bosque non vían nada xa que era de noite e estaba todo escuro. Ao pouco viron ao fondo unha pequena cabana que apenas tiña luz por fóra.

Cun pouco de medo, fóronse achegando a aquela cabana, abriron a súa porta e ao pasar para dentro puideron ver que a cabana estaba completamente baleira. Sen embargo, ao adentrárense máis, comprobaron que había unha librería con andeis todos cheos de libros de pocións e líquidos de cores que lles chamou moito a atención. Jerai, o máis curioso dos tres, quixo acercarse a aquel moble e colleu nel unha poción que tiña unha cor azul.

Antes de que puidesen facer algo, escoitaron un estraño son que viña da habitación do lado. Xulieta foi a aquela habitación, pero non viu nada. Sen embargo seguían escoitando aquela voz misteriosa. Arnau deuse conta de que aquela voz se asemellaba moito á do seu amigo Messi. De repente sentiron que unha presenza achegábaselles por detrás, e.... A meiga estaba detrás deles!. Os tres nenos quedaron paralizados, pero ao instante botaron a correr.

Pero a Jerai caéralle a poción que levaba e todo o líquido esparexeuse polo chan. Messi esvarou con el e ao instante foi deixando de ser invisible. Coa mesma marchou tamén da casa, correndo a escape cara onde estaban os seus amigos. A meiga corría detrás dos catro, pero a Xulieta ocorrúeselle lanzarlle o coitelo que levaba e así fixo. A meiga esquivouno. Menos mal que, grazas a esas décimas de segundo que a meiga tardou en esquivar o coitelo, os rapaces tiveron tempo suficiente para escapar! Que susto levaron! Desde entón prometeron non volver a aquel sitio... nin meterse nunca máis en ningunha estraña aventura. Pasaron tanto medo que aínda tremen cando se lembran do acontecido aquela noite naquela casa abandonada. E menos mal que os seus pais aínda ignoran todo que fixeron aquela noite estes catro amigos aventureiros!. Porque se o soubesen, seguro que por riba haberían de levar unha boa reprimenda e un merecido castigo por seren tan aventureiros.

É ben certo o refrán galego que di: *“Eu non creo en meigas, pero habelas hainas”*.

**Pseudónimo: Os/as afoutos/-as.**